


Non hai pouco que non chegue nin moito que non se acabe

Viaxe ao interior de Galicia



O verbo. O futuro de subjuntivo

1ª conxugación	2ª conxugación	3ª conxugación
andar	varrer	partir
andares	varreres	partires
andar	varrer	partir
andarmos	varreremos	partirmos
andardes	varrerdes	partirdes
andaren	varrerem	partirem

Usos

É un tempo de uso literario ou para contextos cultos. Habitualmente substitúese polo presente ou polo pretérito de subjuntivo.

Expressa unha acción probable no futuro e acostuma a aparecer en oracións subordinadas ou dependentes:

- Os que visitaren a Ribeira Sacra, non quedarán decepcionados.
- As rapazas, se viñeren á tarde atoparán unha mellor luz para as fotos.

Az Outros significados

Para opinar	Eu penso/creo que...
Para exemplificar	O que quero dicir é...
Para darlle a razón a alguén	Estou de acordo en que...
Para quitarlle a razón a alguén	Pois eu non estou de acordo en que...
Para cuestionar a outra persoa	Estás segura/o de que...?
Para argumentar	Desde o meu punto de vista... Segundo o meu parecer...
Para contraargumentar	Aínda así... Con todo... No entanto...



Como expresar estado

Estar + cansa/o, alegre, feliz, contenta/o, arrefriada/o...

Doer + pronome persoal átono + cabeza, mans, pés...

Ter + dor de + cadrís, xeonllo, nocello...

Ter + frío | calor | náuseas | mala cara | mal aspecto...

- Estou arrefriada, dóeme a cabeza e teño unha dor de cadrís insoportable.



Nomes de enfermidades

- Un sinónimo de enfermidade é... **doenza**.
- Cando expulsas de forma ruidosa pola boca e polo nariz o aire dos pulmóns por causa das irritación das mucosas nasais... **esbirras**.
- Cando expulsas o aire contido nos pulmóns de forma súbita e ruidosa tes... **tose**.
- Se tes secreción nasal, esbirros e tose seguramente teñas un... **arrefriado**.
- A enfermidade da pel que se manifesta coa formación de espiñas e grans chámase... **acne**.
- A lesión nos tecidos debido a un golpe é unha... **ferida**.
- A ferida superficial na pel, feita coas uñas ou cunha cousa afiada é unha... **rabuñadura**.
- O efecto dunha lesión nunha parte do organismo, que se percibe como sensación molesta máis ou menos forte ou aguda a través do sistema nervioso é... **dor ou dolor**.
- A elevación da temperatura do organismo, xeralmente como defensa fronte a un axente infeccioso coñécese como... **febre**.
- A sensación molesta e desagradable que se sente na pel e que incita a rascarse é o... **proído**.
- A sensibilidade do organismo a calquera substancia externa produce... **alerxia**.
- A inflamación do apéndice do intestino cego chámase... **apendicite**.
- A contracción involuntaria, dolorosa, espasmódica e transitoria dun músculo ou dun grupo muscular é unha... **cambra**.
- Cando forzas de maneira violenta a articulación dunha parte do corpo, que pode romper as fibras musculares prodúcese unha... **escordadura**.



Ligazóns de interese

- >> Balnearios de Galicia
- >> Rutas turísticas
- >> Bosques de Galicia
- >> Turismo da Ribeira Sacra
- >> Ruta de viño do Ribeiro
- >> Galicia natural e única
- >> Rutas do viño
- >> Para ver aves
- >> Centros de BTT
- >> Natureza para visitar
- >> Proxecto Artello. Galego Léxico 1



Notas da sesión

A large, empty rectangular box intended for taking notes during the session.